



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 1 de decembro do 2016
Hora de comezo: 14.30 h
Hora de remate: 14.50 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde en funcións, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora accidental, dona Adela Lamela Arteaga, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Alta en SAF libre concorrência**
- 3. Arquivo de expedientes de limpeza de leiras**
- 4. Rexeitamento recurso de reposición presentado contra acordo da Xunta de Goberno do 6 de outubro do 2016 e execución subsidiaria de limpeza na leira número 430, polígono 45 de Ledesma**
- 5. Inicio execución subsidiaria de limpeza de leira en Casaldesuso – Codeso**
- 6. Modificacións e anulacións no padrón do lixo**
- 7. Cambio data feira-mercado de Lestedo**
- 8. Aprobación de facturas**
- 9. Altas no servizo de abastecemento e saneamento**
- 10. Modificacións nos recibos de auga por reclamacións**
- 11. Xustificación intermedia proxectos de prevención de drogodependencias**
- 12. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de novembro do 2016.

2. Alta en SAF libre concorrencia

Acórdase dar unha alta no SAF por libre concorrencia

3. Arquivo de expedientes de limpeza de leiras

A) Arquivo expediente de limpeza no lugar de Tallos da Fonte - Sergude

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 22 de setembro do 2016 acordouse requirir ós propietarios da parcela número 396, polígono 505, herdeiros de dona Juana xxxxx para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto dunha edificación de don José xxxxx, situado no lugar de Tallos da Fonte, Sergude.

Remítese notificación do requirimento ós citados herdeiros de dona Juana xxxxx con rexistro de saída 27 de setembro do 2016, número de saída 16/904.

Con data 3 de outubro do 2016 número de entrada 16/2125, as herdeiras de dona Juana xxxxx: María Concepción xxxxx e María Isabel xxxxx, declaran que a finca de referencia número 15012C505003960000DK, número 396 do lugar de Sergude, non é da súa propiedade.

Posteriormente ponse en contacto co concello unha familiar de dona M^a Carmen xxxxx a cal expresa que a leira é probablemente dela, como herdeira de dona Ofelia xxxxx.

Con data 16 de novembro do 2016 co número de entrada 16/2511, dona María Carmen xxxxx remite escrito informando que ela non é propietaria da citada finca senón que a mesma, forma parte dunha herencia sen repartir, co cal a leira é propiedade dos fillos (entre eles está ela) e do viúvo usufrutuário.

Así mesmo sinala o domicilio do seu pai a efectos de comunicacións como preferente, respecto ós asuntos da herencia.

Con data 28 de novembro do 2016, o coordinador de obras e servizos do concello informa que “ *Feita inspección técnica no lugar de Tallos da Fonte, Sergude, compróbase que na leira número 396, polígono 505, procedeuse coa limpeza da maleza existente na mesma. Cúmprese coa normativa das distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.* ”

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os herdeiros de dona Ofelia xxxxx, propietarios da leira número 396, polígono 505, do lugar de Tallos da Fonte - Sergude, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza da biomasa vexetal, ata gardar as distancias

esixidas na Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.

2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

3. Comunicar o acordo ós interesados.

B) Arquivo expediente de limpeza no lugar de A Devesa - Oural

O 11 de agosto do 2016 co número de entrada 16/1745, don Ramón xxxxx, con domicilio en Oural, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, que está preto da súa casa, por estar con abundante maleza, pólas....Solicita a limpeza e recollida de toda a maleza.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón que a leira é propiedade de don Ramón xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 18 de agosto do 2016 requiríuselle ó propietario da leira de monte número 535, polígono 510, don Ramón xxxxx para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de don Ramón xxxxx; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselle igualmente trámite de audiencia.

Na Xunta de Goberno do 6 de outubro do 2016 acordouse iniciar o expediente de execución subsidiaria en relación coa parcela número 535, polígono 510; así como aprobar a memoria valorada dos custos de execución subsidiaria; comunicar os traballos de execución subsidiaria de limpeza ó propietario e dar trámite de audiencia.

Con data 28 de novembro do 2016, o coordinador de obras e servizos do concello informa que “ Feita inspección técnica no lugar de A Devesa - Oural, compróbase que na leira número 535, polígono 510, procedeuse coa limpeza da maleza existente na mesma Cúmprese co establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia..”

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Ramón xxxxx, propietario da leira número 535, polígono 510 do lugar de A Devesa - Oural, por proceder o mesmo cos traballos de limpeza da biomasa vexetal, ata gardar as distancias esixidas na Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.

2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

3. Comunicar o acordo ós interesados.

C) Arquivo expediente de limpeza no lugar de Agra Vilanova – Forte.

O 5 de setembro do 2016 co número de entrada 16/1880, don Antonio xxxxx e M^a Carmen xxxxx, con domicilio no Forte número 3A, presentan escrito solicitando a limpeza da leira, identificada co número 3 según os plans de concentración parcelaria do Concello de Boqueixón, e que linda coa súa propiedade, por estar chea de maleza e con risco elevado de incendio.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a leira é propiedade de dona Gloria xxxxx, polígono 508, parcela 3, situada en Agra Vilanova - Boqueixón.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 22 de setembro do 2016 acordouse requirir á propietaria da leira, dona Gloria xxxxx, para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de don Antonio xxxxx e M^a Carmen xxxxx; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselles trámite de audiencia.

A notificación do requirimento de limpeza foi recibida por dona Gloria xxxxx o 3 de outubro do 2016.

Na Xunta de Goberno do 17 de novembro do 2016 incluíuse na orde do día iniciar a execución subsidiaria de limpeza no lugar de Agra Vilanova - Boqueixón, polígono 508, parcela 3. Dito punto quedou sobre a mesa posto que se acordou facer comprobacións pertinentes en canto á retirada e xestión de residuos.

Según informe do técnico municipal, do 28 de novembro do 2016 “Feita inspección técnica no lugar de Agra Vilanova, no Forte , Boqueixón, compróbase que a leira número 3, polígono 508, procedeuse coa limpeza da vexetación existente.

Non existe risco de incendio forestal nin de insalubridade.

Respéctase o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra dona Lourdes xxxxx, propietaria da leira número 3, polígono 508 do lugar de Agra Vilanova - Forte, por proceder a mesma cos traballos de limpeza da biomasa vexetal, ata gardar as distancias esixidas na Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo ós interesados.

4. Rexeitamento recurso de reposición presentado contra acordo da Xunta de Goberno do 6 de outubro do 2016 e execución subsidiaria de limpeza na leira número 430, polígono 45 de Ledesma

O 6 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1411, don Jesús xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma número 2, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, que está preto da súa vivenda, posto que está sen limpar a maleza (Leira número 430 do plano).

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a parcela é a número 430 e o polígono o número 45, do lugar de Alargo de Balluca, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitude xxxxx e don Manuel xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 21 de xullo do 2016 requiríuselle ós propietarios da leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Jesús xxxxx; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e que nos vindeiros anos, tendo en conta que a vostede se lle ven esixindo reiteradamente que proceda á limpeza ou corta, na leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma (Requirimentos de limpeza na Xunta de Goberno do 7/10/2009, do 04/06/2015; requirimento de corta de piñeiro na Xunta de Goberno do 17 de xaneiro do 2007) e INFORMARLLE que a partir do ano 2017, procederase de oficio coa limpeza da citada leira e antes de que se inicie a época de perigo de risco de incendios forestais, se vostede non o fai.”

Déuselle trámite de audiencia.

Con data 12 de agosto do 2016, co número de entrada 16/1759, don Manuel xxxxx, propietario da parcela de monte número 430, polígono 45 “Alargo da Baiuca” – Ledesma, presenta escrito no cal alega que don Jesús xxxxx pechou o camiño polo que viña accedendo á leira de monte. Que dita interrupción do acceso orixinou un litixio, pendente de sentenza e que dito feito non parece vir reflectido nos informes técnicos.

Que unha vez se dispoña de acceso para a leira procederase a realizar as periódicas limpeza para cumprir o sinalado no artigo 21 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia.

Solicita que se teña por cumprido no presente ano co requirimento de limpeza e retirada de maleza e para vindeiras ocasións que se teña por coñecida a existencia do litixio.

Na Xunta de Goberno do 6 de outubro do 2016 acordouse:

“1. Rexeitar a alegación presentada por don Manuel xxxxx, no senso que como propietario da leira número 430, polígono número 45, pode entrar na mesma de xeito similar a como fixo en anteriores expedientes tramitados de limpeza/corta de biomasa vexetal por este concello.

2. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza na leira número 430, polígono número 45, do lugar de A Baiuca – Ledesma, propiedade de don Manuel xxxxx e dona Esclavitude xxxxx.

3. Aprobar a memoria valorada de roza e limpeza da leira número 430, polígono número 45, do lugar de A Baiuca – Ledesma, que sinala que os custos de execución subsidiaria ascenden a un total de 1.510 euros.

4. Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **1.510 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 430, polígono número 45, lugar da Baiuca, Ledesma, don Manuel xxxxx e dona Esclavitude xxxxx.
5. Dar traslado de copia do expediente a don Manuel xxxxx.
6. Dar trámite de audiencia os citados propietarios para que presenten, no seu caso, as alegacións que estime pertinentes.”

Con data 9 de novembro do 2016, rexistro de entrada 16/2441, don Manuel xxxxx presenta recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de 6 de outubro do 2016.

Sinala que a leira carece actualmente de accesos, se ben nos derradeiros anos, persoalmente o dicente ou o concello, accedían á leira a través de accesos alternativos.

Sinala que unha empresa enviada polo concello, en novembro do 2015, realizou os traballos por 193,60 euros

Sinala, así mesmo, que na valoración non se sinalan as especies vexetais que terán que ser retiradas e que non existe correspondencia coa parcela catastral, pois remite foto aérea que se engade na páxina 4 (anexo I), na que a súa leira aparece claramente definida en cor verde claro e sen árbores arraigados sobre a mesma, agás un castiñeiro no lindeiro leste; mentres que a parcela catastral abarca, tanto unha zona con árbores no lindeiro oeste, como unha zona sen especies algunha no ángulo do vértice sur - leste.

Estima que a limpeza da leira de 719 m², aplicando custos medios de Tragsa ascende a 69,16 euros e si se aplica a ordenanza municipal ascende o custo a 89,40 euros.

Polo exposto e “por non ser axeitada á realidade a cantidade estimada para a realización dos traballos de roza e limpeza da leira da súa propiedade, solicita presentar recurso de reposición en tempo e forma e:

1. Deixar en suspenso o expediente de execución subsidiaria.
2. Anular a memoria valorada e o custe dos traballos a aboar.
3. Que se elabore unha nova memoria na que se fixen uns custes de limpeza e roza axeitados os reais de mercado para unha finca de 719 m², indicando cales son as especies que terán que ser obxecto de roza.
4. Darlle traslado da nova valoración, antes de acadar un novo, co fin de decidir si se fan os traballos de limpeza e roza por quen envíe o concello ou, directamente polo dicente.

Con data 28 de novembro do 2016 o técnico municipal emite o seguinte informe: “Feita terceira inspección técnica no lugar de Ponte Ledesma, compróbase que a leira número 430 polígono 45, dedicada a monte está con abundante maleza e a menos de 50 metros perimetrais da vivenda do denunciante, don Jesús xxxxx.

Non se respecta o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.”

Con data 28 de novembro do 2016 dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta de ETG SA, empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do concello, en relación co recurso de reposición presentado por don Manuel xxxxx, emite o seguinte informe, que se transcribe literalmente:

“Con data do 18 de setembro de 2008 (BOP nº 216) foi publicada a Ordenanza fiscal pola que se establece o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento, modificada

posteriormente. Na súa redacción actual, as tarifas aplicables quedan establecidas no artigo 8, do seguinte xeito:

Artigo 8.

Tarifas. Tendo en conta que o custo do servizo nunca será inferior ao prezo de mercado, fíxanse as seguintes:

TIPO DE ROZA	PREZO
Manual	30€/hora
Mecanizada	60€/hora

O cómputo da hora iniciárase no momento da saída da base de Protección Civil, situada no Forte, fronte ó Concello, e finaliza no intre de chegada á mesma base.

En consecuencia, os prezos a empregar na valoración deben ser os que se establecen no devandito artigo 8 e non outros.

A estes efectos, para completar a valoración tivéronse en conta os seguintes factores:

- *A leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, está con abundante matogueira: fentos, silvas....*
- *Existencia de árbores na finca. Á vista da existencia de árbores na mesma, enténdese que o tipo de roza mecanizada non é axeitada (a posible talla das árbores non é obxecto do expediente, polo tanto, tampouco da valoración).*
- *Pendente da finca. A finca ten unha pendente considerable, e remata nun valo de altura considerable (aproximadamente 3m, aínda que dita altura é variable), sendo estes dous factores importantes no momento da valoración, a efectos de seguridade e saúde.*
- *Traslados. Tal e como se establece na ordenanza, para a valoración deben terse en conta os desprazamentos de maquinaria e persoal á finca.*
- *Xestión de residuos. Na valoración tense en conta a carga dos restos da roza.*
- *Disponibilidade de persoal e medios. O Concello non dispón durante todo o ano do persoal e/ou da maquinaria (e demais medios) necesaria para realización deste tipo de traballos que, por outro lado, son obriga dos respectivos propietarios.*

Todas estas consideracións poden supoñer que a valoración final sexa superior ós prezos de mercado, non obstante, faise reiteración en que o concello non é unha empresa de limpeza especializada, polo que os custos non poden ser os mesmos por necesidade.

*En consecuencia mantense a valoración efectuada, e por importe total de **1.510** euros , aprobada na Xunta de Goberno do 6 de outubro do 2016.*

As dimensións da parcela indicadas na valoración son as reflectidas no Catastro, a non coincidencia indicada vai en relación ó proceso xudicial aberto a día de hoxe; non obstante, no recurso de reposición non se indica que exista un erro na superficie, senón na forma da mesma.

A este respecto compre indicar que para solucionar calquera erro no Catastro, deberase tramitar o correspondente expediente de subsanación de discrepancias.

No que se refire á valoración, non se achega documentación acreditativa da forma da parcela (escritura, etc...).

Infórmase ós efectos oportunos.”

Consideracións xurídicas:

1. O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

2. O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

3. O artigo 1 da Lei 3/2007 sinala que “Esta lei ten por obxecto defender o monte ou terreos forestais fronte os incendios e PROTEXER AS PERSOAS E OS BENS por eles afectados”.

4. O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, eucaliptos...)

As especies arbóreas sinaladas no anexo I da Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

5. O artigo 22.2 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “ no caso de incumprimento do disposto nos números anteriores, os entes locais, no caso da liña 1.b do artigo 21 e nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, e a consellería competente en materia forestal nos restantes casos, poderán notificar de oficio ou a instancia de parte, ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, advertíndolles da posibilidade de **execución subsidiaria no caso de incumprimento** e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

6. O artigo 79 da Lei 39/2015 do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das Administracións públicas sinala que a efectos da resolución do procedemento solicitaranse aqueles informes que sexan preceptivos polas disposicións legais e os que se xulguen necesarios para resolver, citándose o precepto que os esixa ou fundamentando, se é o caso, a conveniencia de os reclamar.

7. O artigo 88 da Lei 39/2015 do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das Administracións públicas sinala que a resolución que poña fin o procedemento decidirá todas as cuestións expostas polos interesados e aquelas outras derivadas do mesmo.

Cando de se trate de cuestións conexas que non houberan sido expostas polo interesados, o órgano competente poderá pronunciarse sobre as mesmas, poñéndoo antes de manifesto a aqueles por un prazo non superior a quince días para que formulen as alegacións que estimen pertinentes e aporten, no seu caso, os medios de proba.

8. O artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas establece que se pode suspender a execución dun acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que a execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación
- b) Que a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta lei.

En canto á suspensión do acordo, non procede dado que a execución subsidiaria en materia de roza e limpeza non pode causarlle danos irreparables posto que as citadas tarefas de limpeza e retirada de maleza da leira evitan a proliferación de incendios que obrigan a reforzar as medidas necesarias para a súa prevención, así como para a protección da poboación e das infraestruturas.

Ademais a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais outorga especial atención á defensa das persoas e dos bens ante a ameaza de incendios forestais.

Por outra banda o propio don Manuel xxxxx no seu escrito formulando recurso de reposición solicita que se dea traslado da nova valoración, antes de acadar un novo acordo, co fin de poder decidir si se fan os traballos de limpeza e roza por quen envíe o concello ou directamente, polo dicente.

Tampouco se pode deducir que o acordo sexa nulo de pleno dereito posto que non se dan as circunstancias previstas no artigo 47.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, posto que se tramitou o expediente cumprindo todos os trámites procedimentais legalmente esixibles.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar o recurso de reposición presentado por don Manuel xxxxx con data 9 de novembro do 2016.

2. Proceder coa **execución subsidiaria** e en consecuencia coa roza, limpeza e xestión dos residuos de maleza existentes na leira número 430 polígono 45 , do lugar da Baiuca - Ledesma, propiedade de don Manuel xxxxx e dona Esclavitude xxxxx, ata respectar as distancias dos 50 metros respecto do paramento da vivenda de don Jesús xxxxx así sinalado no artigo 21 da Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

3. Según informe económico a valoración dos traballos de roza e limpeza na parcela 430, polígono 45, ascenden a un total de 1.510 euros, que terán que ser aboados polos propietarios da citada leira, don Manuel xxxxxe dona Esclavitude xxxxx. Dito gasto deberá aboarse polos propietarios na conta bancaria conta nº: xxxxx, a nome do Concello de Boqueixón.

4. Comunicar ó citado propietario que nun prazo máximo de 5 días, desde o recibo desta notificación, remita mediante escrito a correspondente autorización para proceder á roza, limpeza e xestión dos residuos da maleza, da leira así como a xustificación do pagamento do mencionado importe á conta bancaria que ten o concello, anteriormente citada.

5. No caso de non obter a correspondente autorización e non aboar o citado importe procederase á execución subsidiaria polo concello e á recadación da débeda vía executiva.

5. Inicio execución subsidiaria de limpeza de leira en Casaldesuso – Codeso

O 12 de setembro do 2016, co número de entrada 16/1945, dona Rosario xxxxx, con domicilio en Codeso – Casaldesuso xxxxx, expón que a carón da súa vivenda existe unha leira con abundante maleza e que supón un risco de incendio .

Manifesta que dita leira ten a referencia catastral número 15012A509000840000WI. Adxunta plano de situación catastral

Solicita que se proceda coa súa limpeza.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a leira é propiedade de Grupo Galinvest SA, polígono 509, parcela 84, situada en Casaldesuso – Codeso.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 22 de setembro do 2016 acordouse requirir ó propietario da leira número 84, polígono 509, do lugar de Casaldesuso - Codeso, Grupo Galinvest SA, que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza da leira, ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de dona Rosario xxxxx; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización da execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselles trámite de audiencia.

Con data 28 de outubro do 2016, rexistro de entrada 16/2378, don Dositeo xxxxx, administrador único de GALINVEST SA, informa que no menor prazo posible e dentro do mes de novembro, procederán coa limpeza da mesma.

Según informe do técnico municipal, do 28 de novembro do 2016: *“Feita segunda inspección técnica no lugar de Casaldesuso - Codeso, compróbase que a carón da vivenda de dona Rosario xxxxx, existe unha leira con abundante maleza.*

Elo supón claramente unha situación de insalubridade e de perigo de incendio.

A distancia existente entre a citada leira, número 84 , polígono 509 de Codeso, ata a vivenda é de 2,5 metros lineais.

Non se cumpre coa normativa de distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.”

Con data 28 de novembro do 2016 a memoria valorada, realizada pola arquitecta municipal M^a Carmen Novoa Sío sinala o seguinte:

Redáctase a presente memoria, a petición do Concello de Boqueixón, co obxecto de que se informe sobre a valoración da roza e limpeza dunha finca (polígono 509, parcela 84) localizada no lugar de Casaldesuso, parroquia de Codeso.

Referencia catastral: 15012A509000840000WI

Superficie: 702 m²

As actuacións que se pretenden realizar e que aparecen reflectidas na presente memoria teñen por obxecto a limpeza dunha finca, debido á existencia de abundante maleza e vexetación non desexable no seu interior.

Con data do 18 de setembro de 2008 (BOP nº216) foi publicada a Ordenanza fiscal pola que se establece o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento, modificada posteriormente. Na súa redacción actual, as tarifas aplicables quedan establecidas no artigo 8, do seguinte xeito:

Artigo 8.

Tarifas. Tendo en conta que o custo do servizo nunca será inferior ao prezo de mercado, fíxanse as seguintes:

<i>TIPO DE ROZA</i>	<i>PREZO</i>
<i>Manual</i>	<i>30€/hora</i>
<i>Mecanizada</i>	<i>60€/hora</i>

O cómputo da hora iniciárase no momento da saída da base de Protección Civil, situada no Forte, fronte ó Concello, e finaliza no intre de chegada á mesma base.

A vista do estado actual e das dimensións da finca, considérase que deberán efectuarse as labores de limpeza mediante medios mecánicos. En consecuencia, enténdese que será necesaria a intervención dun traballador, durante un total de 6 horas de traballo, incluíndo os desprazamentos necesarios dende O Forte (20 minutos aproximadamente) así como as actuacións necesarias de xestión de residuos.

En cumprimento da ordenanza municipal vixente, realízase a seguinte valoración das actuacións necesarias:

<i>PARTIDA</i>	<i>MAN DE OBRA</i>	<i>XORNADAS</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>Roza e limpeza por medios mecánicos (60€/h)</i>	<i>1 operario</i>	<i>6 horas</i>	<i>360 €</i>
<i>Xestión de residuos</i>			<i>250 €</i>
		<i>TOTAL</i>	<i>610 €</i>

Á vista de todo o anteriormente exposto, ascende a presente valoración á cantidade de 610,00 euros.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- - O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, eucaliptos...)

As especies arbóreas sinaladas no anexo I da Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

- O artigo 22.3 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas... poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

- O artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa *roza e limpeza de maleza* existente na leira número 84, polígono número 509, do lugar de Casaldesuso - Codeso, Boqueixón, propiedade do grupo GALINVEST SA.

2. Aprobar a memoria valorada de roza, limpeza e xestión de maleza existente na leira número 84, polígono número 509, do lugar de Casaldesuso - Codeso, Boqueixón, que sinala que os custos de execución subsidiaria ascenden a un total de 610 euros.

3. Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de roza, limpeza e xestión de maleza da citada leira ascenden a un total de **610,00 euros**, que terán que ser **aboados polo propietario** da leira grupo GALINVEST SA.

4. Dar trámite de audiencia ó citado propietario para que presente no seu caso as alegacións que estimen pertinentes.

6. Modificacións e anulacións no padrón do lixo

De oficio

Núm. 1

No padrón do lixo do ano 2016, emitíuse un recibo a nome de Juan Bautista xxxxx por unha vivenda situada no lugar de Vilar en Lestedo no xxxxx por un importe de 80,26 euros. O importe resulta incorrecto ó tratarse dunha vivenda e ser o importe de 62,53 euros.

O erro debeuse a que esta vivenda estaba alugada a un negocio dunha academia de inglés, e cando se fixo a modificación do recibo para o propietario non se corrixiu o importe, polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo a nome de Juan Bautista xxxxx con núm. fixo 253000562356 por un importe de 80,26 euros emitido pola vivenda xxxxx situada no xxxxx do lugar de Vilar en Lestedo, cunha taxa incorrecta.

Comunicar este acordo á Deputación da Coruña para que procedan coa anulación.

Comunicar ó interesado que debe facer o pagamento da taxa correspondente ó ano 2016 por un importe de 62,53 euros.

Núm. 2

No padrón do ano 2016, emitíuse un recibo do lixo a nome de María de los Ángeles xxxxx, por un negocio de floristería situado no lugar de xxxxx– Lestedo cuxo local é propiedade de Isabel xxxxx.

A día 1 de xaneiro de 2016, o local xa non tiña a actividade, polo que non procedía a emisión do recibo pola taxa de 80,26 euros. Polo tanto procede anular o recibo a nome da propietaria do negocio e emitir unha nova liquidación a nome da propietaria do local.

A Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo a nome de xxxxx María de los Angeles con núm. fixo 253000738986 por un negocio de floristería que xa non se atopa en funcionamento.

Comunicar este acordo á Deputación para que procedan coa anulación do recibo

Comunicar á propietaria do local, dona Isabel xxxxx, que debe aboar a taxa correspondente ó ano 2016 por un local baleiro e por importe de 62,53 euros.

Núm. 3

No padrón do lixo do ano 2016, emitíuse un recibo a nome de Delfin xxxxx, por un negocio de peletería situado no lugar de Vilar – Lestedo e cunha taxa de 214,03 euros.

No Servizo de Urbanismo tramitouse o cambio de actividade que tivo lugar antes do día 1 de xaneiro de 2016, e que polo tanto o recibo do lixo deste ano debe ir a nome do propietario do novo negocio, don José xxxxx – Comercial Agrícola Vedra, SL.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo do ano 2016 a nome de Delfin xxxxx con núm. fixo 253000562498 por un negocio de peletería e por importe de 214,03 euros, por non proceder o seu cobro ó estar dada de baixa a actividade.

Comunicar este acordo á Deputación da Coruña para que procedan coa correspondente anulación do recibo

Comunicar a don José xxxxx– Comercial Agrícola Vedra, SL, que debe aboar a taxa do lixo correspondente a este ano 2016, por un negocio de venda polo miúdo de produtos agrícolas, gandeiros e maquinaria de xardinería por un importe de 80,26 euros.

Proceder a corrixir os datos para o padrón do lixo do ano 2017

A instancia de parte

Núm. 1

D. Alberto xxxxx, envía correo electrónico onde comunica que se lle emite o recibo da taxa do lixo do ano 2016, por unha vivenda que vendeu o pasado ano no mes de outubro. (Achega copia da escritura de compra venda)

Efectivamente, o día 30 de outubro de 2015, o solicitante vendeu a propiedade a dona María xxxxx e don Samuel xxxxx, polo tanto o recibo do ano 2016 corresponde ós novos propietarios.

A Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo do ano 2016 a nome de don Alberto xxxxx con núm. fixo 253000617585 por unha vivenda situada no lugar de Pazos xxxxx – Lestedo por importe de 62,53 euros, por non ser da súa propiedade.

Comunicar este acordo á Deputación da Coruña para a anulación do recibo

Comunicar a dona María xxxxxe don Samuel xxxxx, que deben aboar o recibo da taxa do lixo do ano 2016, correspondente á vivenda arriba descrita por un importe de 62,53 euros.

Proceder a corrixir os datos para o padrón do lixo do ano 2017

Núm. 2

D. Jesús xxxxx envía correo electrónico onde comunica que se lle emite o recibo da taxa do lixo do ano 2016, por unha vivenda que vendeu o pasado ano no mes de decembro (Achega copia da escritura de compra venda)

Comprobados os datos, resulta que o día 29 de decembro de 2015, o solicitante vendeu a propiedade a don José xxxxx e dona Mercedes xxxxx, polo tanto o recibo do ano 2016 corresponde ós novos propietarios.

A Xunta de Goberno acorda:

Anular o recibo do lixo do ano 2016 a nome de don Jesús xxxxx con núm. fixo 253000656683 por unha vivenda situada no lugar de Vilar – Lestedo - xxxxx, por importe de 62,53 euros, por non ser da súa propiedade.

Comunicar este acordo á Deputación da Coruña para a anulación do recibo.

Comunicar a don José xxxxx e dona Mercedes xxxxx, que deben aboar a taxa do lixo do ano 2016, correspondente á vivenda descrita por un importe de 62,53 euros.

Proceder a corrixir os datos para o padrón do lixo do ano 2017

Núm. 3

D. Manuel xxxxx, presenta un escrito no concello, (16/1603) con data 27 de xullo, coa finalidade de comunicar que dou de baixa a actividade comercial de bar para os efectos da correspondente baixa na taxa do lixo. Achega copia da baixa da actividade en IAE.

Comprobado no padrón do ano 2016, figura un recibo de lixo ó seu nome e cunha taxa de 100,33 euros polo negocio que atendía. Polo tanto, procede a súa baixa no padrón do lixo do ano 2017.

Á vista disto, a Xunta de Goberno acorda:

Dar de baixa no padrón do lixo do ano 2017 o recibo do lixo emitido a nome de Manuel xxxxx polo epígrafe de bares e cunha taxa de 100,33 euros, polo peche da actividade.

Comunicar este acordo ó interesado e proceder coa corrección no padrón do lixo do ano 2017

Núm. 4

D. Enrique xxxxx, presenta unha reclamación sobre da taxa do lixo, na que comunica que recibiu unha taxa do lixo por unha vivenda que non é da súa propiedade, e que fixo o aboamento correspondente. A vivenda pertence a don José Ramón xxxxx.

Por parte do servizo, compróbanse estes datos e verifícase que houbo un erro cando se tiña que modificar un recibo que constaba a nome de José R. xxxxx e correspondía ó solicitante e modificáronse todos. Polo tanto procede facer a oportuna corrección e dar de baixa o recibo emitido pola vivenda situada en xxxxx a nome de Enrique xxxxx a e emitilo a nome do propietario don José R. xxxxx.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Dar de baixa o recibo do lixo do ano 2016 emitido a nome de Enrique xxxxx con núm. fixo 253000562026, por un importe de 62,53 euros, por non ser a vivenda da súa propiedade

Comunicar á Deputación da Coruña que procedan á baixa do recibo e o reintegro da cantidade aboada indebidamente.

Comunicar a don José Ramón xxxxx que debe aboar a taxa do lixo do ano 2016 da vivenda da súa propiedade situada no lugar de xxxxx – Camporrapado, por un importe de 62,53 euros.

